



Plataforma de Galeras

Volver a mirada ao barrio



A foto que fala

Agbogbloshie (Ghana).
O meirande vertedoiro de chatarra tecnolóxica do mundo. Cada ano xeramos máis de 50 millóns de toneladas de lixo electrónico. Cada mes chegan ao redor de 600 contedores a Agbogbloshie, a maioría procedentes de Europa.



O trasno O demo maior

Daniel López Muñoz



Se un escoita o discurso da dereita, o dos veciños da volta e o dos faladoiros da galega, diríase que o de subir impostos, e os impostos mesmamente, en si, son o demo maior. A cousa é contaxiosa. É fácil, non hai moito que argumentar. Pasa como co asunto dos inmigrantes. O discurso das tripas. O Estado róubanos. Os negros teñen a culpa. Veña, a cambiar de tema.

Abofé que non cadra moito co tema seguinte, que normalmente é algún destes: a merda da Seguridade Social, a miseria da pensión do vello e a sogra agardando pola dependencia. Pero tanto ten. A dereita gaña a bata-

lla do discurso. Porque non se apean do elemental, do visceral, do simple. Desde Trump a Casado. O capital ten bos gladiadores e ben pagos.

Pero se o pensamos ben – se pensar non é pedir moito– deberíamos esixir que o asunto fiscal fose un tema obrigado na escola, nos medios e na peixería. Mes-

mo no Facebook, en Instagram e en Galegram. En serio, con expertos: a reforma fiscal necesaria, pros e contras, por diante e por detrás, directos e indirectos, renda e patrimonio, dos ricos, dos de medio pelo e dos calvos de todo. Canta solidariedade queremos? Canta desigualdade, exclusión e inseguridade? Que sociedade?

Non valen parches. Ningunha promesa da esquerda sen un cálculo económico: como o vou financiar. Con que ingreso vou acometer ese gasto que prometo?

Agora nos pactos de Estado falan de incrementar os ingresos públicos su-

bíndolles o IRPF ás rendas de máis de 140 000 €. Isto é: unidades de convivencia que ingresan máis de 10 000 € en 14 pagas (Se son dous, 5 000 €/mes, con dúas extras cada un). Habelos, hainos, pero onde están e cantos son? Vai ser un incremento de ingresos significativo? Canta investigación, educación pública, médicas e enfermeiros, dependencia e paro para os maiores de 55 se vai poder pagar con tal ingreso extra?

E por que 140 000 €? Será que un deputado raso como media anda polos 4 500 €, que multiplicado por 2 e por 14 dá xa 120 000 €? Marcan eles a fronteira da “riqueza”? Que pensarán as familias con fillos e fillas, con menos de 25 000 €, a inmensa maioría, os usuarios do público? Por que non unha reforma valente e “natalista” que incremente o gravame en unidades de convivencia sen fillos con ingresos de máis de 5 000 €/mes -que chega ben? Aí si hai un continxente importante, libres de cargas, e se cadra dispostos a acurtar algo a próxima viaxe a Tailandia para que mellore o ensino público.

Editorial

Como para sacar peito

No chamado “debate de autonomía” houbo referencias á lingua galega. E como tantas outras veces a lingua é o mellor símbolo de Galicia; a nosa gran metáfora, o espello que expresa o que somos e o que deixamos de ser.

Feijoo saca peito e inventa unha realidade virtual. Cun dato certo encobre toda a realidade e tira conclusións máis que cuestionables.

O dato é que máis do 97 % dos galegos e galegas poden falar e ler galego, o cal é a “mellor cifra da nosa historia”. Pero a cousa queda aí. Pásase con pés de la sobre a realidade minguante de falantes, de galego-practicantes e, aínda máis, sen o máis mínimo rubor o presidente descólgase coa teima de que hai que “seguir mellorando as competencias lingüísticas dos galegos”. Non será das competencias en galego? Para que se queren, exactamente?

O asunto é que, podendo, non queremos, non nos sae, non nos reina

O caso, como en tantas outras cousas, é negar a evidencia. Nunca discutiremos -aínda que habería- a competencia efectiva para poder falar e ler, para usar a lingua propia de Galicia de practicamente toda a cidadanía galega. O asunto é que podendo, non queremos, non nos sae, non nos reina ou, quizais, para variar, avergoñámonos.

A Real Academia Galega conclúe, tras estudar o tema, que tras vinte anos de políticas lingüísticas da Xunta, as persoas galegas co galego como lingua inicial nas súas vidas pasaron de 60 % a un 40 %. E din: “Algo está fallando cando o noso ordenamento legal desde os inicios da autonomía prevé avanzar cara a unha situación de normalidade do galego e de igualdade co castelán e, pola contra, unha parte crecente dos e das galegas sente unha presión cada vez máis forte para abandonar o galego e adoptar o castelán”.

Se a cousa, como parece, segue indo de prexuízo social e complexos, máis nos cumpría que en vez de esgrimir estatísticas absurdas para agachar a evidencia, Feijoo e gabinete, no canto de tanta Galicia-Galicia-Galicia, espertasen un día dicindo, “Hoxe instálome no galego. O galego é o meu fogar”. Os subordinados quedarían abraiados, pero o prexuízo quedaría ferido.

or que iso é imposible? Pois porque a lingua galega é o termómetro da nosa capacidade de estarmos no mundo doutra maneira, sen complexos. É, como dicimos, a gran metáfora de Galicia.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Rematei unha fin de semana chea de momentos nos cales todo o que estaba previsto deixou de estalo e houbo que volver a organizar todo, e cando todo parecía que ía funcionar, pois volvía a enlarse o asunto e volta a comezar. De feito estou escribindo estes rumores un pouco sobre a campá da edición debido a isto (vaian entón por diante as desculpas á mesa de redacción que está pacientemente agardando).

O asunto é que para saír adiante tiven que pedir favores a xente próxima e todos foron concedidos antes incluso de

seren pedidos. “E se precisas máis, non te preocupes”. É fantástico estar rodeado de boa xente que bota unha man a golpe de chamada telefónica. O mundo está cheo deles, que fan favores sen pedir nada a cambio. Isto vén ao caso tamén ao feito de que o termo favor estase desprestixiando. Nesta sociedade que parece enchoupada de corrupción e chea de malas noticias, recibir favores é sospeitoso. Desde este curruncho reivindico o espírito do “por favor”, do “grazas”, do “déboche unha” e do “non te preocupes”.



1



3



2



4



A peneira

1

No que vai de ano **56 XORNALISTAS** morreron e 156 foron encarcerados, segundo denuncia Reporteiros sen Fronteiras no seu Barómetro das violacións da liberdade de prensa. Unha das últimas vítimas foi a reporteira búlgara Viktoria Marinova. É a terceira morte dun xornalista na UE no último ano. Todos investigaban casos relacionados coa corrupción nos seus países.

2

O hospital **POVISA** de Vigo vén de presentar preconcurso de acredores como unha maneira de apertar para que o SERGAS renegocie o concerto asinado no ano 2014 e con vixencia ata o 2022. Mentres a Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública está a denunciar os intereses cruzados entre o hospital e a Xunta, aos que acusa de “contas pouco claras, conflitos de intereses e portas xiratorias”.

3

Cada 24 de outubro celebramos o Día das Nacións Unidas para conmemorar, e xa van 73, o aniversario da súa fundación. Creada despois da II Guerra Mundial, a **ONU** veu a substituír a fracasada Sociedade de Nacións co obxectivo de garantir a paz e a seguridade internacional, defender os dereitos humanos e axudar ao desenvolvemento social e económico. Na súa historia acumula importantes fracasos (Vietnam, Ruanda, Palestina, Siria), pero tamén éxitos, especialmente no ámbito do desenvolvemento humano (loita contra a pobreza, a mortalidade infantil...).

4

A ESTACIÓN CIENTÍFICA DO COUREL (USC) convoca para o 27 de outubro unha xornada de agroecoloxía baixo o título “Unha montaña de oportunidades”. O obxectivo do día é reflexionar sobre o deseño de agroecosistemas con criterios ecolóxicos desde unha cosmovisión da montaña, que integra aspectos sociais, ambientais e económicos. A inscrición é gratuíta e está aberta ata o día 24.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Do 8 ao 11 de novembro a capital de Galicia acollerá a 3ª edición do Encontro Internacional de Cadernos de Viaxe **COMPOSTELA ILUSTRADA**. A actividade está dirixida por Miguelanxo Prado e contará este ano coa presenza de catorce artistas, entre eles Javier Mariscal. O tema será a natureza urbana e o programa inclúe clases maxistras, obradoiros ou exposicións. Xa se pode visitar un avance do traballo na Galería Sargadelos, onde amosan o seu traballo catro dos artistas convidados.

6

Unha representación da **PESCA ARTESANAL** galega visitou Bruxelas a comezos deste mes, convidada pola eurodiputada do BNG Ana Miranda. Os portavoces tiveron a oportunidade de reunirse con representantes da Comisión Europea e expoñerlles as súas demandas nun momento crucial para o sector, xa que se están a negociar os Fondos Europeos de Marisqueo e Pesca para o período 2021-2027. A pesca artesanal é exercida por embarcacións de menos de 12 metros, con peixe do día e de proximidade á costa e dá emprego a 4 000 profesionais no noso país.

7


O outono é un bo momento para o recolleto e para achegarnos a algún dos moitos **MOSTEIROS** que temos na nosa xeografía. Desde Montederramo a Montefaro, pasando por Oseira, Samos, Carboeiro ou Sobrado, que tan ben nos acolleu na XLI Romaxe. Se preferides achegarvos á costa, é imprescindible a vista a Armenteira para compartir coa comunidade algunhas das oracións e facer gasto na súa tenda, todo un paraíso da cosmética natural.

8

Veñen de coñecerse as proxeccións demográficas do **INE** para os próximos 15 anos. A Galicia do 2033 terá unha poboación similar á dos anos 40 (2,5 millóns de habitantes, 150 000 menos ca hoxe) cunha idade media algo superior aos 50 anos. Nada novo baixo o sol, unicamente a confirmación dun suicidio, un "inverno demográfico", como o denominou hai anos a Xunta, que parece non ten fin e que non necesita proxeccións: o 2017 foi o ano con menos nacementos na historia recente do noso país.

Política Pospolítica

Pedro Pedrouzo Devesa



Esquecemos a política, aquela dialéctica na que discutiamos as distintas formas de organizármonos socialmente, todas lexítimas, moitas veces incompatibles.

Ás veces apelabamos á liberdade das persoas para elixir, outras á necesidade de reequilibrar economicamente a vida da xente, marcada xa ao nacer por unha feroz desigualdade.

O centro do debate político actual son os pecados veniais, carnais, fiscais e/ou mortais dos nosos políticos

Pediamos diversidade cultural para que o biotopo cultural agromase louzán, rico e variado e non se deixase levar polo

aburrida e pesada monocultura, tan eficaz a curto prazo como estéril a medio e longo. Pensabamos en plural sobre asuntos que trascendían a nosa vida individual con decisións que afectaban a unha gran maioría.

Hoxe todo iso desapareceu. A pospolítica naceu vigorosa e cunha clara determinación de facerse única,

grazas á inestimable axuda das redes sociais, que fertilizan o seu discurso. E que dúas trabes sosteñen a pospolítica? A primeira é reducir todo debate público ao mundo simbólico do enfrontamento tribal. Todo queda resumido a unha loita entre posturas non só incompatibles, senón directamente adversarias, inimigas, imposibles de reconciliar, porque apelan ao sentimento de clan: ou monárquicos ou republicanos; ou nacionalistas centrais ou periféricos... Sempre posturas nas que o esencialismo se erixe dominante. Imposibles terceiras vías, porque os discursos constrúense desde a condición de vítimas, e iso lexítima a súa condición de *haters*: todos resultan ser indignados xusticeiros que din as cousas como son e como ninguén se atreve a dicilas. O cabreo castizo conquistou os nosos corazóns a ambas as dúas beiras ideolóxicas.

A segunda trabe na que medra vizosa a pospolítica é a capacidade para “malmeter”; verbo de toda a vida cun significado moi actual. O centro do debate político actual son os pecados veniais, carnais, fiscais e/ou mortais dos nosos políticos. A nosa clase dirixente dedica o seu tempo a escarabellar as vidas dos seus adversarios, os másteres, as declaracións fiscais, as compras de vivenda, as reunións ocultas, os estudos, as noivas do instituto... Todo canto lixo poida exsudar a vida dun político convértese en noticiable. Como confesores da santa Inquisición, queremos determinar a pureza vital e ideolóxica dos nosos representantes. Non nos interesan as súas ideas, non nos interesa que propoñen para mellorar a nosa vida, non. O que queremos saber é *ondeafoderon*.

E sucumbimos á pospolítica...




O peto común

Teresa Souto Loira

A derradeira leición do mestre é o título dun cadro cheo de simbolismo e leccións, realizado en 1945 na fermosa Bos Aires, xa que o Noso Gran Castelao vivía no exilio. Nel expresa a inxustiza da brutalidade, da represión, dos asasinatos franquistas, a inxustiza do fusilamento doutro Grande Alexandre Bóveda e de tantos mestres e mestras de escolas e de vida.

Nun xantar de compañeiros, deses xantares rápidos dunha hora para volver ao traballo, reflexionabamos de como estaríamos sen ter que soportar as barbaries do franquismo, as súas consecuencias e secuelas, da esperanza de que as ideas emerxidas na segunda República seguisen adiante, que a sociedade camiñase cara ao avance e o progreso, que nos farían máis libres, máis xustas, máis iguais. Soñabamos xantando! Aínda hoxe hai persoas que son incapaces de condenar a escuridade, a barbarie e a inxustiza.

Nós, os do xantar, xa quedamos para ir contemplar o cadro, contemplar o pranto de dous cativos ante o cadáver de Alexandre, asasinado polo franquismo.



A derradeira leición do mestre

O CARRABOXO por ROBE LOIS



Entrevista Conversa con Pilar Sampedro

Irea López Rodríguez

Plataforma de Galeras, unha mirada sobre o barrio



Pilar Sampedro no acto de homenaxe que o barrio lle rendeu a Pepe Chao



A Plataforma de Galeras nace no ano 2015 como una asociación de carácter reivindicativo para defender o espazo público. Desde a súa creación, a plataforma acumula toda unha serie de éxitos nas súas reivindicacións, sen descoidar a vertente cultural que persegue a posta en valor do barrio, da súa historia e da súa xente. Falamos con Pilar Sampedro, integrante da Plataforma.

Por que se crea a Plataforma de Galeras?

Esta sempre foi unha zona moi reivindicativa, pois non lle quedou máis remedio. É unha zona que nace, por dicilo dalgún xeito, cun uso sanitario arredor dos hospitais e que, tras quedaren abandonados, tivo que se readaptar. No 2015 existían varias asociacións que, embarcadas nunha mesma loita, decidiron unir as súas forzas, e foi así como se con-

o barrio é a primeira célula de convivencia

stituíu a plataforma. O conflito orixínouse cando cercaron unha zona do parque de Galeras coa intención de construíren un polideportivo e unha rotonda. Durante un tempo fixéronse concentracións semanais no chamado "km 0", onde se pretendía facer a rotonda, ata que finalmente se logrou a paralización do proxecto. Houbo que enfrontarse non só á empresa privada que pretendía ocupar o noso espazo, senón tamén ao concello, que

por aquel momento tiña outro tipo de goberno e apoiaba os fins privados.

Como se organiza a plataforma?

Fundamentalmente a través do correo electrónico e as reunións presenciais que facemos. O noso principal problema é que non dispoñemos dun local para celebrarmos estas xuntanzas nin para desenvolvermos as nosas actividades, o que nos limita moito. A pesar disto, estámolle moi agradecidos ao anterior cura da parroquia, Juanjo, que tivo a ben prestarnos un local parroquial para reunirmos. Juanjo era unha persoa moi especial, un cura aberto e galeguizador que participou activamente nas protestas e reivindicacións como un veciño máis. A nosa pretensión é que, unha vez rematen as obras de restauración da Casa da Luz, o edificio de Fenosa, poidamos empregar o lugar para uso cultural e asociativo.

Cres que as asociacións veciñais teñen cada vez máis peso á hora de tomar decisións no que respecta á vida da cidade?

Depende do goberno da cidade, pero neste caso eu creo que si. A nós gústanos traballar e negociar coa

Administración para lograr melloras. De todos os xeitos, non está nos programas de determinados partidos seguir contando cos barrios. Nós na etapa anterior tivemos sempre un enfrontamento co concello. Neste momento existe una relación moito máis colaborativa, máis de escoita. Por exemplo, este ano estivemos traballando co concello na defensa dos usos do hospital. Os terreos sobre os que se construíu foron expropiados para uso sanitario, e coa axuda da Administración finalmente logramos que unha porcentaxe do edificio vaia ser destinada precisamente a ese fin

non está nos programas de determinados partidos seguir contando cos barrios

cando abra de novo as súas portas. O que pretendemos é que ese espazo sirva como residencia ou centro de día para a xente maior e, en definitiva, recuperar un servizo que perdemos. En Carretas había un asilo, que con cartos públicos, non da Igrexa, foi rehabilitado e reconvertido no centro de acollida do peregrino. Desta maneira, perdemos a posibilidade de ter a xente maior aquí, preto de nós.

Cal é o obxectivo principal que se persegue?

O obxectivo que perseguimos é vivir un pouco mellor e que a poboación estea cohesionada. Eu creo que a mirada sobre o barrio é fundamental nestes momentos: ver que tes, que necesitas, que podes reivindicar, que podes defender... Esta cidade moveuse tradicionalmente arredor do turismo, a relixión e a universidade, pero realmente a xente onde vive é nos barrios. O barrio é a primeira célula de convivencia, polo que calquera mellora da calidade de vida dos barrios é interesante.

Existen outros proxectos ou iniciativas en marcha neste momento?

Si, así é. Outra reivindicación que temos e que tamén está sendo atendida é a da Finca do Espiño, unha especie de pazo modernista maiormente en ruínas. O anterior goberno municipal iniciou una negociación para facer vivendas de *alto standing*, e o que queremos é limitar o uso residencial do espazo. Por outro lado, estamos recollendo incidencias en relación coas obras necesarias e estamos tratando de devolverlle ao barrio o servizo do que ABANCA o privou ao pechar a súa oficina. Con todo, nós non só reclamamos, senón que tamén achegamos ideas en relación co barrio. De

feito, estabamos falando da posibilidade de conseguirmos algunha bolsa de estudos para que algún estudante fixese unha investigación sobre a historia do barrio.

A vertente cultural ten cada vez máis peso na axenda da plataforma.

Nós o que queremos é defender o patrimonio tanto construído como natural, social, cultural ou persoal.

Cando homenaxeamos a Chao Rego, o que estamos facendo é defender ese patrimonio persoal noso. Esa iniciativa foi, ao meu parecer, especialmente interesante, posto que puxo de manifesto a forza que pode ter una asociación de veciñal, xa que recibimos moitos apoios, tanto doutras asociacións de veciñais como culturais, etc. É moi satisfactorio ver como unha asociación pequena decide homenaxear unha persoa nun ámbito reducido como pode ser o seu barrio e, de súpeto, atópase con toda unha serie de asociacións, fundacións e institucións do país dispostas a colaborar.

Entón existe unha relación de colaboración, non só coa Administración, senón tamén con outras asociacións e plataformas veciñais?

Nós colaboramos nos orzamentos participativos do concello e reunímonos con outras asociacións para ver que podemos facer, tentado sempre non tropezar cos demais. Por exemplo, San Lourenzo en San Xoán fai unha fogueira, entón nós o que facemos é unha recollida de herbas, para así poder acompañalos, e que eles tamén veñan con nós.



Vista da rúa Galeras

Horizonte Universal Salto vital

Clara Baliñas Vidal

Crónica do XXII Encontro de Mulleres e Teoloxía



A autora do artigo (segunda pola dereita) con outras das asistentes galegas ao encontro

P1: *Ola! Que plan tes para esta fin de semana?*

P2: *Vou a un congreso de teoloxía feminista con miña nai e unhas compañeiras súas.*

P1: *Vale... E vas porque queres?*

Do 28 ao 30 de setembro celebrouse en Zaragoza o XXII Encontro de Mulleres e Teoloxía e o V Foro da Rede Miriam de Espiritualidade Ignaciana. O título deste acto en conxunto, *Salto Vital*, recolle moi ben a esencia do que supuxo esa fin de semana na miña vida.

Pódese entender por salto a acción de impulsarse para elevarse ata certa altura co obxectivo de percorrer unha distancia. Deste xeito, saltar semella un exercicio que implica a todo o corpo e o espazo que o rodea cunha preparación, un desenvolvemento e un efecto final.

O impulso do salto vital chega a min da man de miña nai. Ela foi quen de poñerme en contexto. Faloume das compañeiras que me preceden. De mulleres loitadoras nas súas vidas e

referentes capaces de construír un espazo difícil de delimitar cunha achega tan curta como é a miña.

Deume a coñecer tamén as mulleres coas que medrei. Elas reflicten aquilo que, á súa vez, as precedeu, pero cunha gran vantaxe. Teño a sorte, a través e grazas a elas, de comunicarme coa tradición. Como cando na facultade temos clases expositivas e interactivas. Clases maxistras e prácticas.

Son a enerxía e o impulso necesario para se lanzar ao salto. Entre todas

faladoiros, traballamos en pequenos obradoiros sobre temas concretos, bailamos nunha batucada polas rúas do centro de Zaragoza, visibilizamos as mulleres que constitúen a nosa historia (mesmo a máis recente), charlamos, cantamos... e aínda máis. Non obstante, gustaríame destacar varios aspectos.

Por unha banda, vivín todo isto como un festival de emocións. Sentínme fascinada, emocionada e apaixonada. Por momentos, vulnerable e pequena

Vivín o encontro como un festival de emocións

(as anteriores e as presentes) teceron a tradición da que brotou algo tan fermoso como o vivido nesa fin de semana.

Cos pés no aire, resulta complexo describir todo o que alí aconteceu. Nunha fin de semana asistimos ás conferencias de Ivone Gebara e Yayo Herrero, participamos facendo preguntas a través das mesas redondas e

e, noutros, forte e grande. Foi, como ben dixo unha compañeira, líquido. Adoptei distintas formas e temperaturas.

Por outra banda, creo que nada disto sería posible sen recibir tanto como recibín. Integreime nun grupo galego, unido, humilde, alegre e disposto a todo, que compartía con moitos outros grupos doutros lugares. Sen elas,

e sobre todo sen as máis semellantes, non volvería con tantos retos e desafíos; así como ledicias, risas e afonías. Finalmente, a aterraxe deste salto de altura delimitou un percorrido. E máis ca iso, un marco desde o que ver de novo a miña realidade. Nun primeiro momento, xorden moitos interrogantes moi diversos. Onde están as oprimidas polo sistema ou pola súa cor de pel? Onde están as mulleres crentes e as crentes que xofren isto? Que podo facer eu? Cal é a miña realidade?...

Nun segundo momento, preparei un colacao e tomei un instante para ordenar os meus pensamentos. Respecto de min mesma, vou ter que dar un salto vital importante e era algo ao que lle tiña moito medo. Non obstante, despois do vivido no congreso, analicei a situación desde outra perspectiva.

Certo é que non sei onde estarei dentro dun tempo. Non sei tampouco con quen, de que xeito ou como. De feito, nin sequera sei que idioma falarei para entón. En suma, non sei que pequenos saltos me quedan por dar, pero, grazas a ver os saltos que outras

mulleres (particularmente, coas que compartín os tres días de congreso) deron nas súas vidas, o conto semella diferente.

Tamén é verdade que non me vexo soa dando ningún salto. Ten que ser con outras mulleres. Animada, acompañada, loitando e celebrando con elas. Desde entendementos comúns da sororidade nun proceso recíproco continuo.

Respecto da miña relación coa sociedade, no congreso decateime nova-

Nada disto sería posible sen recibir tanto como recibín

mente de todos os pequenos saltos que nos quedan por dar. En relación coa Igrexa, a miña liña é a das mulleres. A das mulleres segrares que loitan por conquistar as posicións de poder ás que se nos obrigou a renunciar sen previa discusión.

En relación ao feminismo, estou coas mulleres crentes. Hai que poñer as pilas para ofrecer novas sensibilidades ao movemento e atopar o noso espazo. Aprendín que como crentes temos moito que ofrecerlle á sociedade en

xeral e ao feminismo en particular. “*Canto valemós!*”, destacou unha compañeira. E que certo é.

En relación con esa sociedade en xeral, xa me perdo un pouco máis porque o marco é moito máis amplo do que son capaz de concibir. Porén, se ben a miña misión como cristiá é construír o Reino de Deus, o Reino non pode limitarse mediante unhas fronteiras, unha cor de pel ou unha clase. Ten que ser transversal e todas

as persoas temos que poder gozar do/ no mesmo.

A altura do salto é considerable como para dalo nun tris. O último en que pensei co colacao a piques de se esgotar foi que vivimos un momento apaixonante. Hai moitas fronteiras abertas e moitas persoas movéndose en moitos niveis distintos. Polo que tan só nos queda recoller todas as experiencias vividas, collerse das mans e dar saltos vitais. Pequenos (ou grandes) e cada día.



Momento da intervención de Yayo Herrero

Crónica desde Nicaragua (2)

Alfonso Mascuñana



Seguimos acompañando a Alfonso Mascuñana na súa andaina por unha Nicaragua convulsa. As súas cartas a Vitoria, a súa compañeira, que aquí adaptamos, expresan unha mancha de vivencias, entre a desesperación e a esperanza. Só sentimos non ter espazo para reproducilas enteiras e non sermos donos do tempo para que chegasen máis puntuais.

Finais de setembro do 2018, choiva, gallopinto, tortillas e café

Son as nove da mañá, e chove bastante, polo que non podemos saír de casa. É a primeira vez que chove pola mañá. Pola noite si que chove case que todos os días: a choiva éncheme un balde de auga na que eu me dou un baño saboroso cando me ergo.

Saín de casa antes das sete. Estou a dar unha “matinal” (así o chaman) antes de que pegue o sol. Só auga tomara ao levantarme. Así que ao pasar diante dun comedor entráronme ganas de comer un pouco e pedín un almuerzo “normal”: gallopinto con oviño e queixo, dúas tortillas e café. Repriminme co fresco, co bos que están, que non estou a tomar pola auga e polo xeo. De momento estou a ser estrito con iso, para evitar os parasitos. A ver se aguanto. Tomo allo. O almuerzo costoume 1,80 euros. A vida “corrente”, alimentos, transporte... é moi barata: coma sempre, aproveitámonos dos pobres.

Vivo contento vivindo con moitas menos cousas (nin boto de menos o viño na mesa...) e cunha certa repetición nas comidas: arroz, *frijoles*, verduras (pipian, challote, chiltoma,

tomate –moito- cebola), ovos papaia, aguacates riquísimos, bastante auga (3 l me recomendaron) á que case sempre poño algo de limón, patacas-moi poucas- e pouco pan, malo, tipo bimbo, que eu agora cambio por tortilla que venden preto da casa.

Seguindo coa mañá de hoxe, despois do almuerzo camiñei a mercar o xornal. Curiosamente o que hoxe se pode ler é *A Prensa*, o de dereitas de toda a vida, que non é propiedade de Daniel Ortega.

Nos recunchos ponse un grupo numeroso de xente desprazada polas hordas Orteguistas, de Masaya que venden froita e verduras. Merqueilles un pouco de tomate, de cebola e de patacas.

Volvín mollado; cambieime, e púxenme a escribir. Chamoume o reitor da UCA e quedei de ir xantar con eles a semana que vén. Chamárao eu porque quería falar un anaco, entre outras cousas para ver se me pode contactar con Monseñor Silvio Báez, pois quero propoñerlle unha entrevista para *Irimia*. A ver.

Cunha muller valente: a saída disto non pode ser patriarcal



Onte estivemos de parola cunha avogada do grupo de mulleres. Longa conversa, emocionante e enriquecedora: É Nica, muller, con experiencia, fichada, valente e con acción en defensa de mozos e mozas detidos. Non son quen de transmitir todo o falado, hai datos, algúns contrastados, outros non tanto, opinión, emocións.

Datos contrastados: máis de 400 desaparecidos. Na contorna localizaron tres fosas comúns. Violacións por parte dos paramilitares (elas están implantando a píldora do día despois). Torturadores de fóra do país. Casas

clandestinas de detencións ilegais. No rural do norte, é o exército o que está a operar a represión. (Oía, e pensaba en Chile)

Un rumor: Ortega dará amnistía a 2 000 presos comúns, un considerable continxente, a cambio que se integren nos grupos paramilitares.

Moitas das opinións teñen o selo de Nica e de muller; a min interésame moito este último aspecto. Incluso a resistencia e as opinións respecto á posible saída é diferente se non é tan patriarcal. Pero isto é Nicaragua.

E moi incerto o futuro, con varios camiños. Tamén ve que “o imprevisto” forma parte da historia, tamén da historia da liberación da ditadura.

A corrupción que compartimos

Outro dato contrastado que recollín doutra fonte é o rol e a increíble vida dun personaxe moi coñecido aquí, presidente do consello superior electoral desde hai anos. Fillo do Cardeal Obando. Ortega foino subindo ata o posto que ten, que lle deu a vitoria electoral ao orteguismo. Dorme en Costa Rica, ten tres avións, unha mansión abraiante en Río San Juan, tamén en Managua e en Madrid, a onde viaxa nun dos seus jets.

Cando escoito da corrupción, penso nun fantástico Macondo infernal. A corrupción e a compravenda de favores ten unha extensión e unha profundidade asombrosa.

Sabedes que sempre trato de peneirar as miñas opinións de *chele* que proclama que “isto é outro mundo”. Non o é. Afirmo que aquilo que produce a miseria, a explotación, a morte e a corrupción en Nicaragua, Honduras, Lesbos, etc... é o mesmo que aí. A mesma causa, distintos graos nos efectos. En canto á corrupción e á organización da



Crónica desde Nicaragua (2)

Alfonso Mascuñana



súa impunidad: que dicir que non saibamos! Calquera España podería ser calquera Nicaragua. Non é, como lía hoxe nun post dun amigo, que a xente se corrompa por cansazo: corrómpese porque, no magma podre neoliberal que nos envolve é difícil o control da comunidade e tamén a autosatisfacción que a virtude pode producir.

O que vexo, o barrio, as casas, a xente. Curiosamente todo me parece coñecido, en certo modo familiar. Aínda que trato de non facer comparación co vivido no oitenta, téño todo moi gravado e véxoo case todo como algo propio e con cariño.

O barrio é bastante pobre, extenso e dividido en xeométricas cuadras.

Poucas rúas asfaltadas, e con moitas fochancas. Moito espazo aberto, verde, con animais moitas veces. Algunha xente aínda cociña diante da casa, con leña en sinxelos trespés ou pedras, así que cheira a fume e campamento. Se podo, gusto de estar sentado no atardecer mirando a rapazada xogar, a xente sentada en cadeiras ou no chan, as bicis, as motos e os vellos coches que pasan; o reguetón que sae de moitas vivendas, todas coas portas abertas e a TV. acesa. O meu veciño, don Agapito, é guitarrista. Quedamos en cantar algún bolero. Moi católico, como case que todo o mundo, ás seis da mañá pon na tele unhas campás, que parecen as da Berenguela, e a seguir a retransmisión dunha misa

(“desde USA, en inglés, pero con tradutor”) con piadosos e melifluos cánticos.

Non teño, polo de agora, unha tarefa fixa e pautada como pasaba en Lesbos ou Honduras, aínda que cada día fago algo, móvome un pouco, coñezo xente, a cidade, acompaño a Ana Vila. De momento, lévo ben e déitome canso e son consecuente co programa zen que adoitei: *inspirar, expirar, inspirar... velaí o meu programa.*

Xa son as doce e vou preparar algo de comida: farei unha boa tomatada con aguacate e, tal vez, un pouco de arroz, leite agre a papaia.

Moitos saúdos por aí.

Plataforma de Galeras
Volver a mirada ao barrio

Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscricions@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>



Boa Nova



Un dos aspectos significativos da actuación de Xesús son as curacións. Estes feitos moitas veces estraños para nós, van máis aló da mera acción terapéutica. Para o Mestre liberar unha muller o un home dunha doenza é facelo participe da experiencia salvadora de Deus. Xesús non entende a proclamación do Reino sen unha real e auténtica transformación da vida da xente.

Deste xeito a narración da curación de Bartimeo vainos mostrar como o Mestre non actúa coma un curandeiro ansioso por demostrar as súas habilidades, senón que se detén para escoitar a un home o que outros querían silenciar. Este home cego e prostrado a beira do camiño reconece o don de Xesús chamándolle fillo de David e reclama a súa compaixón. O mestre non actúa precipitadamente senón que pregunta: que queres que che faga?. Non dá por suposto que o ten que liberar da cegueira, senón que espera a que o home concrete a súa necesidade e confirme así a súa confianza nel.

A curación acontece de inmediato por un dobre acto de confianza: A de Xesús na fe de Bartimeo e a de Bartimeo na persoa de Xesús e a súa capacidade sanadora. Este encontro confiado fai que tras a curación física aconteza algo máis fondo: a salvación de Deus. De feito, o Mestre non lle di que está curado senón que está salvado: Ve, salvoute a túa fe. E o cego non se limita a recompensar o sanador, senón que o deixa todo e o segue polo camiño.

Para a comunidade de Marcos esta historia convértese nun relato paradigmático de seguimento, de convocación a comunidade do Reino. A diferenza de Mateo e Lucas, que tamén recordan o feito, Marcos mantén a memoria do nome do cego, individualizando a súa experiencia e converténdoo en exemplo de conduta para o seu auditorio.

Carme Soto

DOMINGO 28 de outubro. XXX do Tempo Ordinario

A PALABRA Mc 10, 46-52

Naquel tempo, Xesús chegou a Xericó. Cando saía cos seus discípulos e outra moita xente, Bartimeo, o fillo de Timeo, un cego pobre de pedir, estaba sentado a carón do camiño. Oíndo que pasaba Xesús o Nazareno, empezou a berrar: «Xesús, Fillo de David, ten piedade de min!» Moitos mandábano calar; mais el berraba aínda máis alto: «Fillo de David, ten piedade de min!» Deténdose Xesús, dixo: «Dicídelle que veña aquí.» E chamaron polo cego, dicíndolle: «Veña, érguete, que te chama!» El, ceibándose do manto, veu dando brincos até onde estaba Xesús. Este preguntoulle: «Que queres que che faga?» O cego respondeu: «Mestre, que volva a ver.» Xesús díxolle: «Ve, salvoute a túa fe.» E no instante comezou a ver, e seguiu polo camiño.

Estaba lendo esta lectura e, ao mesmo tempo, escoitando chorar e berrar na rúa a un crío pequeno. Nós non somos pequechos que poidamos berrar até convencer á nosa nai de que nos dea chuches. Nós somos maiores pero, ás veces, seguimos berrando, pois non queremos doenzas, mortes ou desgracias ao noso redor. E queremos convencer a Deus de que faga o que nós lle pedimos. E se non o fai, xa non nos vale. Se cando me fai falla non me axuda, para que vou crer nel?

Pero habería que pensar, antes de pedir nada, se eu xa puxen da miña parte todo o que podía, se xa busquei toda axuda posible, se xa movín Roma con Santiago para acadar o que preciso. Porque é mais doado sentar e esperar que caia o milagre do ceo, pero non. Como o cego do conto, hai que erguerse, hai que ir onde está a posible solución, hai que pegar catro berros, ou catrocenos, hai que xuntarse con mais xente que ten o mesmo problema... e cando xa non se pode facer nada máis... entón xa só queda Deus, non para que o arranxe, senón para que nos dea forzas e seguir adiante.

Olga Álvarez

A CLAVE


A PALABRA

O ECO

Falando da lingua

Lidia e Valentina

A relatividade galega: “Deus é bo e o demo non é malo”



Juan Carlos

xullo. Como non vimos ningún lector desta revista por alí, a non ser que nos pasase de incógnito, decidimos compartir convosco unha pequeniña parte do que aprendemos arredor da explicación didáctica que ofreceu. A primeira cuestión na que nos fixo reparar foi algo que é evidente, pero sobre o que nunca reflexionamos: o uso do refraneiro e da fraseoloxía é propio de persoas de idade, porque se empeza a usar a medida que medramos. Certamente, a rapazada non emprega nas súas conversas refráns e, conforme imos cumprindo anos, empezamos con aquilo de “como di meu pai”, “como diría miña avoa...” Tamén é certo que os tempos mudan e as realidades tamén, polo que a mocidade actual non

realidade. Daquela, nun territorio onde chove moito xa nin caso facemos cando se produce este fenómeno, polo que é normal que empreguemos frases do tipo “Por min que chova” ou “Fágoche o mesmo caso se estivese chovendo” cando queremos manifestar indiferenza. Obviamente isto nunca o diría un andaluz, para eles é case un acontecemento que chova ou ás veces unha conmoción (cando lles leva todo por diante); daquela poden dicir “Salga el sol por Antequera o salga por donde quiera...”, algo que para un galego non ten sentido. En Galicia, polo menos na zona costeira, podemos mesmo esaxerar ao respecto: “Que chova ata que afoguen os peixes”, ou por nós “Que chova ata que o can ande dereito”.

E seguindo coa chuvia como esa nosa realidade tradicionalmente presente, oímos que lle “chove a alguén” cando non está moi ben da cabeza. Ao ser esta a parte de arriba do corpo, faise un xogo comparativo coas casas, que leva a que digamos tamén que alguén “anda mal do tellado” ou que “ten mal a parrumeira”. Loxicamente non é expresión galega “estar mal da azotea” porque as nosas casas (polo menos as tradicionais) non tiñan azoteas. Así que temos que ter ollo con interferencias deste tipo, das que temos avisado xa algunha vez!

Hai persoas que saben moito deste tema da fraseoloxía, no que nós somos unhas afeccionadas. Daquela quedamos marabilladas coa sapiencia de especialistas da talla de Xesús Ferro Ruibal, a quen tivemos a oportunidade de escoitar nun relatorio sobre o tema o pasado mes de


sei nin se vai entender aquilo de “Este rapaz parece que ten o muíño picado”. E tampouco o entenderá xente de idade na terra onde non tiveran muíños coma os que temos nós.

Outra cousa ben certa na que non está mal insistir: o refraneiro reflicte a nosa

O Fachineiro agrarista

Cabanillas e Valtonic

Estoutro día estaba o fachineiro na de Jenaro, en Rois, cando o taberneiro lle amosou uns versos asinados por un tal Xan Pombo, inspirados pola retórica agrarista e denunciando o caciquismo, aínda que, iso si, chamando ao mitin do ultraconservador Calvo Sotelo. Certo é que os versos de Pombo non pasaron nin á letra pequena da historia da literatura galega, pero fixéronme lembrar outros do gran poeta agrarista e das Irmandades: Ramón Cabanillas. O de Cambados escribiu unhas rimas que din o seguinte: *Antes de ser escravos, /irmáns, irmáns gallegos! /que corra o sangue a regos/*



dende a montana ó mar. /Ergámonos sin medo! /Que o lume da toxeira/ envolva na fogueirao pazo señorial!

Trátase do Himno de Acción Gallega, o máis importante movemento agrarista, e pertence ao libro *Da terra asoballada*, publicado en 1917 cunha segunda edición en 1926, na editorial Lar de Ánxel Casal. Hoxe Cabanillas había ter que pensar dúas veces en publicar eses versos, porque cen anos máis tarde ao mellor tiña que render contas perante a Audiencia Nacional ou compartir exilio con Valtonic.

A.Q.